

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES FERROL VELLO

CURSO: 3º ESO

MATERIA: CULTURA CLÁSICA

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

DATA: 3 DE XUÑO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.	Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses. (CD – CCEC – CCL)
Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios. (CSC – CMCCT – CCEC)
Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases. (CCEC – CAA – CSC – CCL)
Identificar as características máis salientables da arquitectura romana en relación cos edificios máis singulares.	Recoñece as características esenciais da arquitectura romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos. (CCEC – CMCCT – CD)
Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria.	Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. (CSC – CMCCT – CD – CCEC)

<p>Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.</p>	<p>Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. (CAA – CD – CCEC – CMCCT)</p>
<p>Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.</p>	<p>Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais. ( CSC – CCL)</p>
<p>Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Roma.</p>	<p>Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Roma. (CD – CAA – CSC – CMCCT – CCL)</p>
<p>Identificar as principais formas de lecer da antigüidade.</p>	<p>Describe as principais formas de lecer das sociedade romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social. (CSIEE – CAA – CSC – CCL)</p>
<p>** Marcamos os estándares segundo o trimestre a que se circunscriben nunha cor diferente de acordo coa seguinte chave: cor azul – primeiro trimestre; cor verde – segundo trimestre; cor vermello – terceiro trimestre.</p>	

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>Terán a materia aprobada aqueles alumnos e alumnas que teñan os dous primeiros trimestres aprobados, ou cuxa media aritmética sexa superior a un cinco.</p> <p>Terase en conta a progresión do alumnado desde o comezo do curso até o seu fin.</p> <p>Tendo en conta a situación actual, avaliarase o uso das TIC na elaboración dos traballos, o interese pola materia e o empeño en mellorar.</p> <p>Farase un seguimento semanal individualizado de todo o alumnado. Este seguimento estará coordinado polo titor ou titora, que informará as familias da progresión do estudantado do centro.</p> <p>Instrumentos: teranse en conta as probas escritas e as presentacións orais que se realizaran até o momento de se suspender a actividade lectiva presencial.</p> <p>Igualmente, teranse en conta as tarefas realizadas polo alumnado desde ese momento, sempre e cando estas beneficien os alumnos e alumnas. Para isto, seguiranse as anotacións no caderno do profesorado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A nota de avaliación final será o resultado de aplicar as seguinte porcentaxes:</p> <p>Nota da primeira avaliación: 50%</p> <p>Nota da segunda avaliación: 50%</p> <p>A estas porcentaxes poderá sumase até 1 punto dependendo do grao de realización das tarefas do terceiro trimestre.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>No caso de non superar os contido mínimos en xuño, o alumnado suspenso poderá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro. Nesta convocatoria, deberá presentar os traballos escritos que a profesora lle solicite no mes de xuño.</p>

	Estes traballos de investigación substitúen a realización dunha proba escrita.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Soamente hai un alumno coa materia pendente, que se incorporou ao centro no mes de xaneiro. A avaliación desta materia realizarase a través da entrega de tres traballos de investigación que o alumno veu presentando desde a súa incorporación ao noso centro.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades intentarán ser variadas e atractivas, para implicar o alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe nestas circunstancias tan especiais.</p> <p>Combinaranse actividades en liña, actividades lúdicas e didácticas e actividades de repaso, reforzo e ampliación da materia.</p> <p>Canto ás actividades de recuperación, considerarase que todas as actividades que se propoñan están encamiñadas á recuperación da materia (ao seren tarefas de repaso e reforzo).</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Logo dun grande esforzo do equipo directivo e do departamento de Tecnoloxía, todo o alumnado do IES Ferrol Vello posúe os medios tecnolóxicos necesarios para a súa conectividade e para poderen continuar co curso académico por medios telemáticos.</p> <p>Por tanto, consideraremos que todo o alumnado está conectado (o cal non implica que estean a traballar de maneira diaria).</p> <p>Tendo en conta este feito, enviaranse tarefas a través da axenda virtual do instituto, do correo electrónico, da aula virtual do centro ou desde calquera plataforma educativa habilitada para este fin.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Usaremos os medios telemáticos para as teleclases (quer por WEBEX, quer a través de Google Meet ou Hangouts) e para as actividades prácticas en liña.</p> <p>A través da axenda virtual ou do correo electrónico faremos chegar a secuenciación e as explicacións das actividades, así como as ligazóns aos vídeos que puidemos usar para explicar ou clarificar algúns aspectos dos contidos.</p> <p>Así mesmo, usaremos o correo electrónico @iesferrolvello.org (en que todo o alumnado e profesorado ten conta) para facer chegar as fichas, actividades en Word ou en PDF que os alumnos e alumnas deban facer.</p>

	<p>Caso de teren que realizar actividades nos seus libros ou nos seus cadernos, solicitaremos imaxes ou escaneados para comprobar a súa correcta realización.</p>
--	---



#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O alumnado do centro será informado a través do profesor ou profesora que lle imparta a materia de Cultura Clásica das mudanzas no proceso de ensino-aprendizaxe e na avaliación do mesmo.</p> <p>Esta información farase a través da canle de contacto habitual: correo electrónico do instituto, Abalar móbil ou aula virtual.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>A presente programación didáctica quedará á disposición da comunidade educativa na páxina <i>web</i> do instituto.</p>